PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 653 | VII lexislatura | 25 de novembro de 2008

Fascículo 2

SUMARIO

(Versión electrónica en **www.parlamentodegalicia.es**)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

—Admisión a trámite, asignación a Comisión, apertura do prazo de presentación de emendas e publicación do Proxecto de lei de publicidade institucional de Galicia

- 07/PL-0052 (33719)
Presidencia da Xunta de Galicia
De publicidade institucional de Galicia 91626

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite, asignación a Comisión, apertura do prazo de presentación de emendas e publicación do Proxecto de lei de publicidade institucional de Galicia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 24 de novembro de 2008, adoptou os seguintes acordos

- 07/PL-0052 (33719)
Presidencia da Xunta de Galicia
De publicidade institucional de Galicia

Examinado o devandito Proxecto, e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1.º) Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2.º) Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

3.º) Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia. O prazo remata o día 15 de decembro de 2008.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2008

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 49 19

RS/mv

CONSELLERIA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS PARLAMENTARIAS
18.11.08 008824
SAÍDA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
20 NOV. 2008
33719

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de lei de publicidade institucional de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 9 de outubro.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co Visto e Prace do Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias

Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUÍS MÉNDEZ ROMEU, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O :

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día nove de outubro de dous mil oito adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de publicidade institucional de Galicia,* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela o nove de outubro de dous mil oito.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

XUNTA DE GALICIA

PROXECTO DE LEI DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL DE GALICIA

Exposición de Motivos

É unha realidade que as Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia necesitan comunicarse coa cidadanía, para desenvolver as funcións que lle encomendan as correspondentes normas xurídicas. De aí a necesidade de regular a publicidade institucional, que é unha ferramenta de grande utilidade, para promover a imaxe das institucións, as súas actividades ou difundir información de interese público. Así a publicidade institucional debe xirar, non só sobre a natureza do emisor da comunicación, senón sobre todo en torno á finalidade ou obxectivos da mesma.

Respecto a isto, non hai que esquecer que o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu Art. 27 dispón que a Comunidade Autónoma Galega posúe competencia exclusiva en materia de publicidade, sen prexuízo das normas ditadas polo Estado para sectores e medios específicos.

A Lei estrutúrase en catro capítulos. O primeiro, dedicado ás disposicións xerais, recolle o obxecto da mesma, así como a definición da publicidade institucional. Por contraste coas leis autonómicas ata agora promulgadas, a presente Lei plasma un concepto de publicidade institucional: toda forma de comunicación, difundida por calquera medio, por unha Administración Pública ou por un ente, organismo, fundación ou sociedade dependente daquela, co fin de promover a súa imaxe, as súas actividades ou fomentar valores de interese público.

Polo que atinxe ó ámbito de aplicación, a Lei aplícase á publicidade difundida por conta das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes. Polo contrario, queda excluída do ámbito de aplicación da Lei a publicidade das normas e a publicidade daqueles actos da Administración que deban publicarse por mandato legal.

Os últimos preceptos deste capítulo destínanse a regular o idioma de difusión da publicidade institucional e a accesibilidade á información. Á vista da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística, o galego é a lingua propia de Galicia; e os poderes públicos teñen o deber de promover o uso normal da mesma nas súas relacións coa cidadanía. De aí que na presente norma se consagre a obriga de utilizar na publicidade institucional o idioma galego.

O capítulo segundo contén unha enumeración dos principios que deben rexer na publicidade institucional: veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, interese público, eficiencia, non discriminación e o respecto á persoa e á súa actividade. Como non podía ser doutro xeito, a publicidade institucional debe ser veraz e será ilícita aquela publicidade institucional que induza ou poida inducir error ós seus destinatarios. Polo demais, ó consagrarse o principio de transparencia, prohíbese a publicidade encuberta e evítase o engano do cidadán en canto á forma de presentación da mensaxe.

Como calquera outra actividade da Administración Pública, a publicidade institucional debe respectar a legalidade vixente e, de maneira específica, os principios, valores e dereitos que se recollen tanto na Constitución Española coma no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Dentro do marco dos principios reitores, o principio de lealdade institucional implica a prohibición daquelas campañas de publicidade institucional que menoscaben, obstaculicen ou perturben as actuacións lexítimas desenvoltas por outros poderes públicos no exercicio das súas competencias. Así evítase que -a través da modalidade publicitaria regulada- poida levarse a cabo a figura que, no dereito da competencia desleal, é denominada publicidade obstrucionista.

Sobre a base do concepto de publicidade institucional, foi necesario fixar o principio de neutralidade, segundo o cal a publicidade institucional ten que diferenciarse perceptiblemente da propaganda realizada polos partidos políticos. En efecto, a propaganda política pretende a divulgación de ideas ou programas desa natureza, mentres que a publicidade institucional ten unha finalidade máis neutra: promover a imaxe da Administración, as súas actividades ou fomentar valores de interese público.

Para finalizar, a publicidade institucional debe respectar os dereitos da personalidade (dereito ó honor, intimidade persoal e familiar, propia imaxe); pero tamén debe respectar as lexítimas actividades económicas que poidan levar a cabo outros axentes e evitar o descrédito daqueles.

No capítulo terceiro, consagrado á contratación da publicidade institucional, efectúase –en primeiro lugar- unha remisión á Lei Xeral de Publicidade, en relación ás normas para a celebración dos contratos de publicidade, creación publicitaria, difusión publicitaria e patrocinio. A este respecto, hai que ter en conta que o Art. 9 da citada Lei Xeral de Publicidade contempla expresamente a aplicación das normas sobre contratación publicitaria a tódolos contratos publicitarios, aínda cando non versen sobre a publicidade económica.

Por outro lado, na adxudicación dos contratos de publicidade institucional, deberán respectarse os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación, tal e como foron desenvoltos pola Lei de Contratos do Sector Público. Pero á marxe desta remisión xenérica, pareceu adecuado fixar previamente os criterios que preferentemente rexerán na adxudicación dos correspondentes contratos.

A Lei conclúe co capítulo cuarto, destinado ó control da publicidade institucional. A tal efecto, créase a Comisión de Publicidade Institucional con competencias sobre o control e asesoramento neste tipo de publicidade. Este órgano desenvolverá unha relevante función de control e resolverá as reclamacións que poidan presentarse fronte ós anuncios ou campañas de publicidade que vulneren a presente Lei. A este respecto, a citada Comisión goza da facultade de ordenar o cesamento ou rectificación daqueles anuncios ou campañas de publicidade institucional, que infrinxan os principios e normas reguladoras da mesma. Por outro lado, en canto ás funcións asesoras, a Comisión poderá emitir informes sobre os proxectos de anuncios ou campañas de publicidade institucional; así como examinar as correspondentes memorias anuais.

Sinalar para finalizar, que esta Lei incorpora as normas básicas referidas á publicidade institucional recollidas na Lei estatal 29/2005, de 29 de decembro, de Publicidade e Comunicación Institucional.

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

A presente Lei ten por obxecto establecer os principios xerais que deben rexer a difusión e contratación de publicidade institucional por parte das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes, así como establecer os mecanismos de control que aseguren o seu eficaz cumprimento.

Artigo 2. Concepto

Enténdese por publicidade institucional toda forma de comunicación, difundida por calquera medio por parte das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes, co fin de promover a súa imaxe, as súas actividades ou fomentar valores de interese público.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Esta Lei será de aplicación á publicidade institucional difundida por conta das Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes.

Artigo 4. Publicidade excluída

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Lei a publicidade das normas e outros anuncios de actos da Administración que deban publicarse por mandato legal.

Artigo 5. Lingua

1.- As mensaxes publicitarias sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei difundiranse en galego.

2.- Non obstante, as mensaxes publicitarias poderán difundirse en castelán ou outra lingua oficial do estado cando así o xustifique o seu ámbito de difusión.

3.- Soamente poderá difundirse publicidade institucional nun idioma estranxeiro cando aquela vaia ser difundida, con carácter exclusivo ou maioritario, fóra do estado, ou cando se destine a cidadáns estranxeiros.

Artigo 6. Acceso á información das persoas con discapacidade

A Administración anunciante, garantirá o máis completo acceso á información ás persoas con calquera tipo de discapacidade.

CAPÍTULO II

Dos principios reitores da publicidade institucional

Artigo 7. Principios reitores

A publicidade institucional deberá acatar os principios de veracidade, transparencia, legalidade, lealdade institucional, neutralidade, interese público, eficiencia, non discriminación e respecto á persoa e ás súas actividades.

Artigo 8. Principio de veracidade

A publicidade institucional deberá respectar a verdade, e evitar que o seu contido induza ou poida inducir a error ós seus destinatarios.

Artigo 9. Principio de transparencia

1.- A publicidade institucional deberá identificarse claramente como tal. En todo caso, deberán deslindarse de maneira perceptible as comunicacións feitas cunha finalidade informativa e as que se realicen como vehículos da publicidade institucional.

2.- Así mesmo, deberá mencionarse expresamente a Administración ou entidade na que teña a súa orixe a mensaxe publicitaria.

Artigo 10. Principio de legalidade

A publicidade institucional respectará a legalidade vixente e de modo especial os principios, valores e dereitos que se recollen na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Artigo 11. Principio de Lealdade Institucional

1.- A publicidade institucional non deberá obstaculizar ou perturbar as actuacións lexítimas desenvoltas por outros poderes públicos no exercicio das súas competencias.

2.- Cando a publicidade institucional teña por obxecto difundir actividades nas que participen varias Administracións, deberán mencionarse as Administracións participantes.

Artigo 12. Principio de neutralidade

A publicidade institucional deberá diferenciarse perceptiblemente da propaganda realizada polos partidos e organizacións políticas.

Artigo 13. Principio de interese público

A difusión da publicidade institucional perseguirá sempre, e con carácter exclusivo, a consecución de obxectivos de interese público, con exclusión de calquera outra clase de interese.

Artigo 14. Principio de eficiencia

A publicidade institucional deberá executarse mediante unha xestión dos recursos públicos baseada na calidade e na austeridade dos gastos.

Artigo 15. Principio de non discriminación

A publicidade institucional non poderá conter mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarios aos principios, valores ou dereitos constitucionais.

Artigo 16. Principio de respecto á persoa e as súas actividades

A publicidade institucional deberá respectar os dereitos da personalidade, e velar especialmente pola protección dos dereitos da infancia e da adolescencia. Tamén deberá absterse de denigrar as persoas físicas ou xurídicas e de perturbar as súas actividades lexítimas económicas ou doutra índole.

CAPÍTULO III

Da contratación de publicidade institucional

Artigo 17. Modalidades contractuais

Para a creación, preparación e execución da publicidade institucional, as Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidas ó ámbito de aplicación desta Lei poderán concluír contratos de publicidade, creación publicitaria, difusión publicitaria e patrocinio nos termos en que estes se atopan definidos no Título III da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de Publicidade.

Artigo 18. Principios xerais

Na adxudicación dos contratos ós que se refire o artigo anterior, deberán respectarse os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación, na forma en que estes principios e normas foron desenvoltos pola normativa vixente en materia de contratación pública, e coas particularidades establecidas na presente Lei.

Artigo 19. Criterios de adxudicación

1.- Na adxudicación dos contratos ós que se refire o artigo 17, valoraranse preferentemente, o prezo, a orixinalidade e creatividade das campañas publicitarias e a adecuación das súas mensaxes á finalidade perseguida e ó público destinatario da publicidade.

2.- Así mesmo cando o contrato implique a difusión da publicidade valorarase preferentemente o prezo, o grao de difusión ou audiencia do medio e a adecuación do seu ámbito territorial de difusión e da súa audiencia ó ámbito de difusión e ó público obxectivo destinatario da publicidade. No caso da publicidade a realizar en Galicia, valorarase tamén a súa difusión a través de medios editados en lingua galega.

CAPÍTULO IV

Do control da publicidade institucional

Artigo 20. Prohibicións

1.- Dacordo cos principios enumerados na presente Lei, non se poderá promover ou contratar publicidade institucional:

a) Que teña como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos acadados polos suxeitos mencionados no artigo 3 da presente Lei.

b) Que non obedeza a motivos de interese público.

c) Que teña lugar no período comprendido entre o día de publicación da convocatoria de eleccións e o día en que se celebren, a excepción das campañas que atinxan ao propio proceso electoral e aos anuncios imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos.

d) Que non se desenvolva no exercizo de competencias propias.

e) Que menoscabe, obstaculice ou perturbe as políticas públicas ou calquera actuación lexítima doutro poder público realizada no exercizo das súas competencias.

f) Que inclúa mensaxes discriminatorias, sexistas ou contrarios aos principios, valores e dereitos constitucionais.

g) Que incite de forma directa ou indirecta á violencia ou a outros comportamentos contrarios ao ordenamento xurídico.

h) Que induza á confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por calquera organización política ou social.

i) Que revista carácter subliminal ou enganoso, segundo o disposto na Lei 34/1998, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade.

j) Que non se identifique claramente como tal e non inclúa a mención expresa do suxeito promotor ou contratante, así como a súa imaxe corporativa institucional.

Artigo 21. Comisión de Publicidade Institucional

1.- Ao obxecto de garantir que a publicidade institucional sirva con obxectividade aos intereses xerais e se adecúe aos principios establecidos na presente Lei, créase a Comisión de Publicidade Institucional, adscrita ó departamento da Xunta de Galicia competente en materia de comunicación e integrada por representantes das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público delas dependentes sometidos ó ámbito de aplicación da presente Lei e por persoas expertas independentes e de recoñecido prestixio procedentes do ámbito académico ou profesional coa seguinte composición:

a) Un representante do departamento responsable de comunicación da Xunta de Galicia, con categoría cando menos de director xeral, que a presidirá.

b) Un representante por cada un dos departamentos da Xunta de Galicia, con categoría cando menos de subdirector xeral.

c) Tres representantes das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Tres representantes da administración local de Galicia.

e) Tres persoas expertas independentes de recoñecido prestixio procedentes do ámbito académico ou profesional.

Regulamentariamente determinarase a forma de nomeamento dos representantes recollidos nos apartados c), d) e e).

2.- A organización e funcionamento da Comisión de Publicidade Institucional determinarase regulamentariamente.

Artigo 22. Funcións

A Comisión de Publicidade Institucional asumirá as seguintes funcións:

a) Emitir informes non vinculantes sobre os proxectos de anuncios ou campañas publicitarias que lle sexan remitidos polas Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades do sector público delas dependentes sometidos ó ámbito de aplicación da presente Lei.

b) Resolver as reclamacións presentadas contra anuncios ou campañas publicitarias da Administración Autonómica de Galicia e polas entidades do sector público dela dependentes ás que resulte de aplicación a presente Lei, ordenando, no seu caso, o seu cesamento ou rectificación.

Os representantes da Administración Local de Galicia absteránse de participar na resolución das anteditas reclamacións.

c) Examinar a Memoria Anual de Publicidade Institucional que lle remitan as Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidos ó ámbito de aplicación da presente Lei, e efectuar, no seu caso, recomendacións non vinculantes sobre a mesma.

d) Calquera outra función que lle sexa asignada legal ou regulamentariamente.

Artigo 23. Cesamento e rectificación da publicidade institucional

1.- Cando un anuncio ou unha campaña de publicidade institucional vulnere os principios e normas recollidos na presente Lei, calquera persoa que ostente un interese lexítimo poderá solicitar o seu cesamento ou rectificación ante a Comisión de Publicidade Institucional, cuxas resolucións poñerán fin á vía administrativa.

2.- Con carácter inmediato, e se o reclamante así o solicita, a Comisión poderá ordenar cautelarmente a suspensión provisional da publicidade se concorren indicios evidentes de infracción grave e manifesta dos principios e normas recollidos na presente Lei.

3.- Unha vez examinada a reclamación, e previa audiencia do departamento ou ente responsable da publicidade, a Comisión de Publicidade Institucional ordenará, se procede, o seu cesamento ou rectificación definitivo.

Artigo 24. Informes

As Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes sometidos ó ámbito de aplicación desta Lei poderán solicitar ante a Comisión de Publicidade Institucional un informe sobre os proxectos de anuncios ou campañas publicitarias que pretendan difundir.

Artigo 25. Memoria anual

1.- As Administracións Públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público delas dependentes elaborarán, con carácter anual, unha Memoria na que consten as campañas de publicidade institucional desenvoltas, os seus obxectivos e o seu custo total.

2.- A Memoria será remitida á Comisión de Publicidade Institucional dentro dos tres primeiros meses de cada ano.

3.- Unha vez examinada a Memoria, a Comisión de Publicidade Institucional poderá emitir recomendacións non vinculantes sobre o seu contido.

Disposición derrogatoria única

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan ó disposto na presente Lei.

Disposición final primeira

No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente Lei, a Xunta de Galicia ditará as normas regulamentarias sobre composición, organización e funcionamento da Comisión de Publicidade Institucional.

Disposición final segunda

A presente Lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia

Asdo.: José Luís Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza.

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
   - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
     - 1.1.1 LEIS
     - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
     - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
     - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
   - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
     - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
     - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
     - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
   - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
     - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
     - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
     - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
   - 2.1 INVESTIDURA
   - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
   - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
   - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
     - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
     - 3.1.2 OBXECCIÓNS
     - 3.1.3 DITAME DA COMISIÓN
     - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
   - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
     - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
     - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
   - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
     - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
     - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
     - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
   - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
   - 3.5 MOCIÓNS
     - 3.5.1 MOCIÓNS
     - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
     - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
     - 3.5.4 MOCIÓNS REXEITADAS
   - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
     - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
       - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
       - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
       - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
       - 3.6.1.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS
     - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
       - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
       - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
       - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
       - 3.6.2.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS
   - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
     - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
     - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
     - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
   - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
     - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
     - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
   - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
     - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
     - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
   - 4.2 INTERPELACIÓNS

4.3 PREGUNTAS
4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
4.3.3 PREGUNTAS PARA RESPOSTA POR ESCRITO
4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS

5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
5.3 VALEDOR DO POBO
5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
5.4 CONSELLO DE CONTAS
5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

6. ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
6.11 OUTRAS ELECCIÓNS, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
7.3.3 CONVOCATORIAS
7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO

8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
8.2 PERSOAL
8.3 ACTIVIDADES
8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
8.3.5 PUBLICACIÓNS

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
9.1 INFORMACIÓNS
9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25